

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE SOUTOMAIOR
CURSO: 3ºESO
MATERIA: Lingua galega e literatura
DEPARTAMENTO: Lingua galega
DATA:12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, os datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais	LGB1.1.1. Comprende o contido e a intención comunicativa de textos orais dos medios de comunicación (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes)
B1.2. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas	LGB1.2.2. É quen de comparar a mesma noticia en distintos medios e extraer algunha conclusión LGB1.2.3. Recoñece e rexeita a linguaxe con prexuízos e/ou discriminatoria
B1.8. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	LGB1.8.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.
B1.9. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou académica	LGB1.9.1. Expresa opinións e é capaz de guiar unha conversa informal LGB1.9.4. Realiza e explica resumos ou exposicións académicas sinxelas.
B1.10. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.	LGB1.10.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente
B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica dos textos	LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario
B2.3. Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes	LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente entrevistas, crónicas e reportaxes
B2.8. Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego	LGB2.8.1. Le en voz alta de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto LGB2.8.2. Respecta os patróns fonéticos do galego e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto.
B2.12. Planificar, producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas	LGB2.12.3. Emprega a biblioteca e as TIC para seleccionar información e incorporala aos seus traballos. LGB2.12.4. É que de adecuar os seus escritos á situación comunicativa e ao ámbito de uso
B2.14. Utilizar as TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura	LGB2.14.1. Emprega as TIC para relacionarse e comentar lecturas con alumnado doutros centros.

B3.1.Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía	LGB3.1.1.É quen de empregar fraseoloxía e léxico amplo e adecuado ao uso formal da lingua dos campos semánticos traballados.
B3.2.Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais	LGB3.2.1.Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cu correcto uso das distintas categorías gramaticais
B3.3. Recoñecer explicar os precedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras para crear novos elementos léxicos	LGB3.3.1./3.3.2. Coñece os procedementos de formación de palabras e aplícaos para formar palabras novas
B3.7.Analizar e usar correctamente a puntuación	LGB3.7.1.Revisa os textos para puntuar correctamente
B3.9.Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión	LGB3.9.1. Coñece e usa os mecanismos de cohesión
B3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros.	LGB3.10.1.1.Recoñece o tema e a estrutura dos distintos textos.
B4.1.Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión de riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía	LGB4.1.1.Valora a lingua como manifestación da riqueza cultural e a identidade dun pobo. LGB4.1.3.Comprende que o plurilingüismo representa a riqueza cultural da humanidade e valora a lingua galega como unha achega singular a esa riqueza LGB4.1.4. Identifica as linguas que forman parte da nosa familia lingüística
B4.4.Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua dende os seus inicios ata 1916.	LGB4.4.1.Coñece como se formou a lingua galega desde as súas orixes ata 1916. LGB4.4.2.Identifica os acontecementos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916
B5.1.Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916	LGB5.1.1.Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916
B5.2.Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período	LGB5.2.1.Le e comprende textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. LGB5.2.2.Analiza as características de textos representativos da literatura galega desde a Idade ata 1916 LGB5.2.3.Realiza comentarios guiados de textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Observación. ● Participación na aula: preguntas, comentarios, colaboración. ● Autoavaliación: autocorrección e autonomía. ● Comprensión de contidos. ● Expresión escrita de ideas, sentimentos, argumentos e teoría. ● Expresión oral de ideas, sentimentos, argumentos e teorías. ● Elaboración de resumos orais e escritos. ● Lectura comprensiva. ● Manexo de dicionarios e outras ferramentas lingüísticas en liña. ● Exposicións orais entregadas en formato audio ou audiovisual. ● Seguimento e cumprimento das instrucións dadas para completar e entregar as tarefas realizadas a distancia. ● Escoita activa e intervención nas sesións virtuais. ● Cumprimento das pautas de intervención e participación nos coloquios mantidos nas sesións virtuais. ● Participación nas propostas de expresión creativa de carácter voluntario.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Caderno do alumnado: tarefas, deberes, apuntamentos, etc. ● Traballos específicos. ● Lecturas e traballos de comentario. ● Probas escritas e orais sobre os contidos impartidos. ● Actitude e desenvolvemento na aula. ● Rexistro de entrega de tarefas e traballos, participación en sesións virtuais e comunicación no período de traballo a distancia. ● Probas de lectura: comprensión e expresión.
Cualificación final	<p>Nos criterios de cualificación final estableceranse estas dúas posibilidades para facer a media:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Alumnado con traballo moi baixo ou sen traballo nesta 3ª avaliación, aplicarase este criterio: <ul style="list-style-type: none"> ○ Nota media da 1ª e 2ª avaliación (50% e 50%). ● Alumnado que traballou ben na 3ª avaliación, aplicarase este criterio: <ul style="list-style-type: none"> ○ 45% a 1ª avaliación + 40% a 2ª avaliación + ata 1,50 segundo o traballo realizado. <p>Aplicarase o criterio que máis favoreza o alumnado (puntuación sobre 10).</p> <p>- Os alumnos con avaliacións suspensas poderán recuperalas mediante as tarefas de reforzo e recuperación realizadas na terceira avaliación.</p> <p>- Haberá tarefas voluntarias de lectura e expresión oral que servirán para redondear a nota.</p>

Proba extraordinaria de setembro	<ul style="list-style-type: none"> • Caderno de exercicios de repaso dos contidos dados na 1ª e 2ª avaliación: 50% da nota final. • Proba escrita sobre os contidos do caderno: 50% da nota final.
Alumnado de materia pendente NON HAI ALUMNOS CON MATERIA PENDENTE	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● TAREFAS SEMANAIS: conteñen actividades variadas, dos distintos bloques de contido, que serven como repaso e reforzo dos contidos dados e tamén como vía de recuperación para aquela parte do alumnado que teñan algunha avaliación suspensa: ● Comprensión lectora. ● Expresión escrita. ● Actividades de léxico: procedencia do léxico, seres mitolóxicos, sentimentos e estados de ánimo ● Tipoloxía textual: narración, descrición, exposición ● Propiedades textuais ● Análise comentario guiado de textos literarios medievais ● Exercicios de ortografía: acentuación (regras xerais e casos especiais), puntuación, maiúsculas ● Exercicios de morfoloxía e relacións semánticas <p>ACTIVIDADES VOLUNTARIAS (COMPLEMENTARIAS/DE AMPLIACIÓN):</p> <p>- LECTURA de 4 relatos de tema e autores variados (tarefa: Diario de lectura.</p> <p>- ORALIDADE: 2 opcións: “Recomendación dun libro” ou “Exposición Non son fadas” (aproveitando material recompilado para un traballo da 2ª avaliación, arredor das heroínas anónimas do noso alumnado)</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Alumnos con conectividade: fichas de traballo semanal de repaso, reforzo e recuperación que partindo de textos engloban as distintas destrezas da comunicación lingüística e axudan á adquisición das competencias básicas. Son enviadas e recibidas por correo electrónico. Por correo dáselles as recomendacións e orientacións necesarias para desenvolver as tarefas e resólvense as dúbidas ou suxestións do alumnado. Tamén se indican as tarefas a realizar na páxina web do centro, no Departamento de Lingua Galega. Ademais, realízanse videoconferencias con regularidade para resolución de dúbidas, corrección(posta en común) das tarefas e sobre todo, para manter un contacto directo e fluído co alumnado, na medida do posible. ● Alumnos sen conectividade e/ou NEAE. Facilitóuselle un caderniño de tarefas en papel como traballo mensual que será supervisado pola PT do centro.
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Fichas de elaboración propia a partir de modelos de exercicios e de lecturas do propio libro de texto e tamén de manuais doutras editoriais. ● Pdf dos relatos ofrecidos como lectura voluntaria: cedido para descarga gratuíta polos autores (Urco Editora). ● Solucionarios de Autoavaliación das Tarefas semanais propostas para o alumnado. ● O libro de texto: Lingua e Literatura 3ºESO Xerais (2017).

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">● Correo electrónico ao alumnado e nais e pais: envío e recepción de tarefas, resolución de dúbidas e consultas de tipo xeral (método de entrega, pautas para o traballo TIC, etc).● Publicación das tarefas na páxina web do IES (apartado do Departamento de Lingua Galega).● Informe quincenal ás Titorías sobre a comunicación co alumnado e o sobre seu traballo
Publicidade	<ul style="list-style-type: none">● A revisión da Programación Didáctica será publicada na páxina web do IES (apartado do Departamento de Lingua Galega) e na Aula Virtual do centro.● A maiores, tamén se informará ao alumnado a través do correo electrónico e das clases realizadas por videoconferencia.